


Máis información

981 528 730



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Departamento de Deportes

BASES DA CONVOCATORIA  
Departamento de Deportes • Oficina de atención ao cidadán  
R/ Salvador Allende, 4 - Baixo  
[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS  
Departamento de Deportes  
Estadio Municipal de San Lázaro - Porta 1  
Avda. Fernando Casas Novoa, 20 • 15703 Santiago



Fotografía gañadora na edición de 2008  
Autor: **Alberte Sánchez Regueiro**  
Título: *Esforzo.*



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Departamento de Deportes

XIII CONCURSO DE  
**fotografía  
deportiva**  
2009

# BASES DO CONCURSO

## fotografía deportiva 2009

O Departamento de Deportes do Concello de Santiago de Compostela convoca un concurso aberto de FOTOGRAFÍA DEPORTIVA, ao que poderán presentarse todos os interesados, comprometéndose expresamente a cumprir estas bases.

Cada concursante poderá presentar un máximo de 3 fotografías cun tamaño mínimo de 20x25 centímetros, montadas sobre unha superficie ríxida, recomendándose que esta teña un tamaño superior ao da propia fotografía. Non se poderán presentar traballos premiados noutros concursos ou certames.

**Cada fotografía terá que presentarse nun sobre independente.** Na parte exterior do sobre deberá figurar o lema ou título da fotografía e o epígrafe "XIII Concurso de Fotografía Deportiva-Concello de Santiago". No sobre deberase incluír:

- O negativo ou diapositiva correspondente (no caso de fotografía analóxica) ou o arquivo dixital en formato JPEG (no caso de fotografía dixital).
- Un sobre pechado dentro do cal figure o nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do concursante.

As fotografías deben entregarse nas oficinas do Departamento de Deportes no Estadio Municipal de San Lázaro, porta principal, considerándose como límite as 14 h. do día 3 de xuño de 2009.

Tamén se poden mandar por correo certificado ou mensaxería ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE SANTIAGO  
DEPARTAMENTO DE DEPORTES  
Estadio Municipal de San Lázaro, Porta 1  
Avda. Fernando Casas Novoa, 20  
15703 Santiago

Non obstante, advírtese que non se van considerar os envíos por correo que entren no Departamento de Deportes con posterioridade á hora e data da reunión resolutive do xurado cualificador, prevista para o 4 de xuño.

Polo Departamento de Deportes acreditarase documentalmente o día e, no seu caso, a hora de presentación dos traballos, e trasladarase ao rexistro xeral do Concello a relación dos presentados cada día.

O xurado cualificador estará presidido polo Concelleiro Delegado de Deportes ou pola persoa en quen delegue, e estará formado por un máximo de 5 persoas, entre as que se atoparán fotógrafos profesionais designados polo devandito Concelleiro. Persoal do Departamento de Deportes realizará as funcións de Secretario/a.

A decisión do xurado farase pública o 5 de xuño.

A concesión dos premios implica a cesión das obras premiadas e os seus dereitos de reprodución e utilización ao Concello de Santiago, sen dereito a indemnización de ningún tipo aos concursantes premiados.

As fotografías non premiadas poderán recollese nas oficinas do Departamento de Deportes a partir do 1 de xullo.

Os temas sobre os que deben tratar as fotografías serán deportivos e relacionados con calquera faceta ou práctica deportiva, non necesariamente competitiva, quedando expresamente excluídas aquelas de carácter lúdico ou recreativo que, a xuízo do xurado, non encaixen na cualificación de "deportivo".

Os premios, que poderán ser declarados desertos, serán os seguintes:

- 1º premio: 1000 Euros + diploma**
- 2º premio: 700 Euros + diploma**
- 3º premio: 400 Euros + diploma**

A maiores, o xurado cualificador poderá valorar o outorgamento de dous Accésits entre as fotografías presentadas.

O xurado non poderá outorgar máis dun premio ao mesmo concursante.